

Relato de Luís Martínez

“O Juanismo”

No caso de outro home trataríano coma un claro exemplo de acoso sexual no traballo, pero as miradas lascivas, as caricias e os bicos infinitos ás camareiras, para Juan non supoñían máis que sentenzas como “isto nin é vida nin é nada”.

Juan era un bo traballador, rexentaba diligentemente o seu bar a pesar dunhas certas licencias que se permitía, nomeadas anteriormente; rexeitaba, antes incluso de ser servidos, os cafés que non presentaban o debuxo dunha froita (normalmente un pexego ou unha mazá Golden) na capa de escuma de 5 escrupulosos milímetros de espesor, a pesar dos reproches dos seus empregados, dicindo que daba o mesmo xa que a xente non reparaba en tal particular expresión artística. Ante isto, Juan cortaba a conversación con un “este é un café de merda e punto”, que non daba lugar a ningunha outra interpretación .

Este amor polo traballo ben feito que se expresa por medio dos seus cafés con leite, non era o único afecto que mostraba; amaba as mulleres, a todas, altas, baixas, gordas e fracas. A todas elas nunca lles faltaba o “Buenos días, princesas” ou o “ Hola jóvenes ¿qué va a ser?” aínda que as ocupantes das mesas ben pasaran a terceira ou cuarta idade.

Todas sen excepción tiñan os seus 5 segundos de autoestima, aínda que a algunha non lle fixera falta.

Os clientes comprobaban que o bar non era o mesmo cando Juan collía vacacións, a pesar de que o servizo seguira a ser igual de amable e atento; faltaba un aquel que se botaba de menos, en especial os vellos que por alí acudían. Nunha ocasión fun testemuña dunha resposta cen por cen “juanista” :

- *¿E logo por onde andiveches de vacacións?*
- *Fun polo Sur, por Andalucía*
- *¿E onde estiveches?*
- *Por Sevilla, Málaga, Granada...*
- *¡Coño! ¡Granada!, ¿impresionouche a Alhambra, non si?*
- *Mirar para a Alhambra é como mirar para os pisos do Maroto.*

Antonio, mariñeiro xubilado había 15 anos e habitual do local, rematou a súa “tasa” de viño, puxo as moedas na barra e virou cara a porta maldicindo polo baixo a última sentenza do “juanismo”.

